

Actores galegos participarán nun encontro para recuperar a narrativa oral

LA VOZ | SANTIAGO

■ Catro actores galegos participarán na primeira edición da Festa da Narración Oral que se celebrará o vindeiro 7 de xullo en O Pino baixo a organización da Nova Escola Galega e da Asociación Tatalo, un colectivo integrado por xente vinculada á tradición que se quere recuperar coa iniciativa. Carlos Blanco, Paula Carballeira, Miguel de Lira e Pepe Penabade porán voz ás sesións de contacontos que inclúe a cita, que tamén estarán amenizadas por outros persoeiros vinculados ao movemento cultural como Cándido Pazó, Pepa Yáñez, Iolanda Aldrei e Xabier Docampo.

A Casa da Cultura de O Pino estrearáse co encontro, que se sucederá dende as sete da tarde ata entrada a madrugada. A partir das dez e media da noite,

as sesións de contacontos trasladaranse aos establecementos de hostalaría da capital do municipio (Arca) co ánimo de que sexa á xente de a pé quen as protagonice. Os contacontos profesionais intervirán como animadores nestas sesións, ás que os interesados en participar poden inscribirse a través da páxina web www.contocho.eu ou nos mesmos locais.

A primeira Festa de Narración Oral de O Pino inclúe, ademais, un ciclo de dúas conferencias e outros tantos obradoiros sobre oralidade, que está dirixido ao colectivo de mestres e educadores. Os interesados en asistir teñen tamén que formalizar a súa inscrición na citada dirección de Internet. A Casa da Cultura de Arca acollerá esta actividade, que se desenvolverá durante a xornada de mañá e,

xa pola tarde, ata o inicio das sesións de contacontos.

A programación desta cita, que é pioneira na comunidade galega, foi presentada onte en Santiago por Manuel González e Paco Veiga, en representación dos colectivos organizadores, e polo alcalde de O Pino, Manuel Taboada, que interveu en nome do Concello ao ser unha das oito entidades que colaboran no evento. Segundo se explicou no acto, o Camiño de Santiago será o eixo das historias que se contan na primeira edición da Festa, que nace coa vocación de continuar en anos vindeiros. O estreito vínculo que garda O Pino coa ruta xacobeá é unha das razóns que motivou a decisión de celebrar a cita no municipio, que tamén se pretende dinamizar culturalmente coa iniciativa.